

O ADXECTIVO



1. Que é un adxectivo?



2. Clasifica as seguintes palabras na táboa:

Fermosura	Grande	Agasallo	Curto	Xersei
Amables	Treboada	Náufrago	Antigas	Fresca

SUBSTANTIVOS	ADXECTIVOS



3. Coloca cada verbo diante do sufixo que lle corresponda para formar un adxectivo:

Comprender	Reciclar	Agradecer	Abusar
Regar	Conxelar	Pintar	Abrasar

	+	- ble	=	
	+	- ante	=	
	+	- ado	=	
	+	- ivo	=	
	+	- ido	=	
	+	- ado	=	
	+	- ón	=	
	+	- ivo	=	

 4. Indica se se trata dun comparativo de IGUALDADE, INFERIORIDADE ou SUPERIORIDADE:

- O carballo está tan alto como aquela casa.
- Roi é menos intelixente ca súa irmá.
- Esta casa é máis vella que a do lado.
- O día foi máis marabilloso do que esperábamos.
- O carballo é menos alto ca túa casa.
- Pedro é tan tímido coma nos dixeran.
- Iria sempre foi máis alta ca min.

 5. Indica en que grao está o adxectivo (POSITIVO, COMPARATIVO ou SUPERLATIVO):

- O meu gato está tolo.
- Esa alfombra é tan bonita como a túa.
- Lembro que non foi tan difícil como nos dicían.
- A auga sae moi quente.
- O último libro que lin resultoume menos interesante que o anterior.
- Aquela rapaza é a nena máis fermosa que vira nunca.
- Neste equipo, todos os xogadores son altos.
- Este rapaz sabe chistes graciosísimos.
- Non vin nena tan alta coma ela.
- Non sei se esta salsa está máis rica cá outra.
- A praia de Lanzada é moi grande.
- Esta canción ten unha letra moi mala.
- O doente está peor do que pensabamos.
- Os cans son os nosos amigos fieis.

 6. Volve a escribir estas frases cos adxectivos en grao superlativo:

- O nivel de inglés é baixo.
- Os resultados dos exames son malos.
- A talla desta camiseta é pequena.
- O camiión debe ter unha altura grande.
- As atraccións son divertidas para os nenos.
- O can é grande e cariñoso.